

SESIÓN ORDINARIA DE 27 DE XUÑO DE 2.014

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e vintetres minutos do día 27 de xuño de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román., co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE ABRIL DE 2014

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 28 de abril de 2014.

Non xurdindo debate, sométese votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

“FINCA URBANA Nº 76

MATELA

NOME: PARCELA CONEXIÓN SISTEMAS GENERALES A
AREEIRA, POL. 1

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Servicio público

SITUACIÓN: _____

Parroquia: MATELA

Núcleo/lugar: Matela, entre o polígono de A Areeira e a afección línea Ffcc..

Lindeiros: Norte, sur e leste finca matriz; Oeste, vial do concello de Outeiro de Rei (ref. catastral 27039A022090080000GS).

SUPERFICIE: 301,16 m2 ms/2.

CARGAS: non constan

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Acta de cesión urbanística asinada por HORMIGONES BASCUAS LUGO, SL, con CIF B27169606 con data de 2 de xullo de 2013.

REFERENCIA CATASTRAL: 4645874PH1744N0001SQ

SITUACIÓN REXISTRAL:

Finca 11527, inscrita al Tomo 1165, Libro 104, folio 199.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes”.

3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON NÚMERO DE REXISTRO 2122

Iníciase o debate polo concelleiro do BNG, quen inicia a defensa da moción presentada con data de rexistro de entrada de 2122 e do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como Concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN PARA DENUNCIAR O ATRASO NA TRAMITACIÓN DE NOVAS AXUDAS RISGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último informe remitido polo valedor do Pobo ao Parlamento galego podemos ler o seguinte: “Este ano, como os inmediatamente anteriores, produciuse un aumento nas solicitudes de axudas sociais ante situacións de necesidade, como son as Rendas de Integración Social de Galicia ou as Axudas de Emerxencia Social.- Tamén medrou o número de queixas en relación con elas, sobre todo por denegacións que se

consideraban inxustificadas ou por atrasos nas resolución deses procedementos, que pola súa propia natureza deben resolverse con urxencia.”

Nesta liña, son varios os concellos e tamén as persoas que denunciaron os atrasos de máis de sete ou oito meses de retrasos e incumprimentos nas tramitacións da RISGA e da AES. Cómpre lembrar que a Lei de Inclusión de Galiza recolle o seguinte:

“Artigo 37. Resolución

1.Unha vez finalizada a instrucción do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver.”

No recente informe de Cáritas española podemos comprobar como os datos a pobreza ofrecen un panorama desolador, sobre todo na Galiza. O informe sinala que na Galiza a pobreza infantil pasou dun 16,9% en 2007 a un 22,2% en 2012. Asemade, indica que 30.000 fogares non reciben ningún tipo de ingresos, e son xa unas 465.000 persoas as que viven na Galiza baixo o limiar da pobreza.

Á luz destes datos, e dado que estas axudas para poder facer fronte a situacións de extrema necesidade e pobreza teñen urxencia para as persoas demandantes, consideramos urxente o que se cumpra a Lei de Inclusión social de Galiza e que se poñan en marcha de inmediato de maneira urxente a tramitación das axudas da RISGA, para o que se deben cumprir os prazos que se establecen a este respecto.

Por outra banda, este incremento de persoas en exclusión social, consecuencia das erráticas políticas económicas aplicadas durante as crise, converten en papel mollado os propagandísticos anuncios da Xunta relativos ao incremento da dotación na RISGA para 2014, de apenas 7 millóns de euros, cando para o pagamento da débeda se consignaron sete veces máis (53 millóns de euros), e demostran a necesidade de achegar máis fondos públicos para as solicitudes se resolveren en prazo e para non incorrer en demoras inxustificábeis.

Como consecuencia desta situación o BNG presentou unha iniciativa no Parlamento Galego que acadou o apoio unánime no pleno celebrado o pasado 12 de xuño, que se concreta en instar á Xunta de Galiza a:

- 1. Axilizar a tramitación da Renda de Inclusión Social de Galicia e das Axudas de Inclusión social para adecuar o tempo aos prazos que marca a normativa vixente.*
- 2. Instar aos concellos, como administración corresponsable da tramitación da Renda de Inclusión Social de Galicia e das Axudas de Inclusión Social, a axilizar a tramitación dos expedientes, tal e como establece a Lei de Inclusión social de Galicia.*
- 3. Acordar que a todas as persoas que teñan solicitada a Renda de Inclusión Social de Galicia pola Lei de Inclusión social de Galicia e estean agardando pola resolución da mesma, superado os tempos legais establecidos, lle sexa recoñecido o dereito á percepción da Renda por silencio administrativo.*

4. *Acordar que todas as solicitudes rexistradas antes do 31 de marzo de 2014 se resolvan nun prazo máximo de dous meses”.*

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social

Outeiro de Rei a 19 de Xuño de 2014”

Rematada a defensa da moción, toma a palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen asegura que calquer incremento de fondos para a protección de persoas en situación de exclusión social parécelle axeitado, agora ben, a moción non explicita en qué contía quere que se incremente o gasto.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular recorda a incidencia na poboación desta grave crise económica, e asegura que o Concello de Outeiro de Rei fai todo o posible, e parte do imposible, para mitigar a situación creada por un anterior goberno irresponsable. Pon a título de exemplo que o Concello de Outeiro de Rei adica uns 350.000 euros ao ano á prestación de servizos sociais, o que é un esforzo moi importante en atención á poboación municipal. Tamén asegura que o prazo de resposta do concello é moi rápido. Claro que sería desexable que ás poucas horas de presentarse a solicitude ésta estivese resolta, pero non é posible, e moitas veces débese á que as propias solicitudes non aportan a documentación requerida.

Entende que para unha persoa que está sen recursos calquer espera é longa, pero o prazo de resolución dos expedientes é razoable en atención ás esixencias propias da tramitación administrativa.

O voceiro do BNG, en resposta á pregunta do voceiro do PSdG-PSOE, alega que é moi difícil cuantificar as necesidades da poboación en situación precaria, pero a partida existente, de 7 millóns de euros, é notoriamente insuficiente. Por iso á moción insta á cuantificación das necesidades e a dotar orzamentariamente os recursos necesarios para a súa atención.

Continúa aseverando que o actual Goberno leva gobernando tres anos, e o da Xunta leva 7 anos, e namentres o Partido Popular segue sen asumir responsabilidades. O Partido Popular está a empobrecer á poboación, facendo política de protección das grandes empresas, dos grandes directivos, e a xente segue a empobrecer.

O voceiro do PSdG-PSOE insiste en que apoian o incremento da acción social, e que dito aumento debe ser proporcional ao número de persoas que o necesitan. Anuncia que votarán a favor da moción.

O voceiro do PP insiste en que o Concello fai o necesario para atender ás situacións de necesidade e que continuarán por esta liña.

Resposta ao voceiro do BNG que o Goberno da nación goberna para todos, deixando que a xente faga o que queira, e non coma outros partidos aquí representados que, cando non se fai o que eles queren falan de falla de democracia. E non pode falar precisamente de goberno para as grandes empresas o representante do BNG, e non hai máis que ver as fotografías.

E con iso non está a atacar as grandes empresas, xa que as empresas son moi necesarias, crean emprego e sempre e en todos o sitios son benvidas. Agora ben, o actual goberno da nación estase centrando na sociedade máis desfavorecida, creando emprego e promovendo unha reforma fiscal na que, precisamente, as rendas que saen máis beneficiadas son as rendas máis baixas.

As veces queren negar o evidente, pero a presión fiscal non era máis altas para os ricos e as grandes empresas, nin eliminaron as SICAV. E ten que vir o PP para baixar a presión fiscal ás familiar de menor renda.

Un non é o que dice, senón o que fai.

Informa que entre a Xunta e o Concello de Outeiro de Rei invértense anualmente en Servizos Sociais preto de 350.000 euros, namentres que a Deputación de Lugo, con cen millóns de euros de orzamento, invirte ¡8.000 euros!. Unha cantidade ridícula, e debe terse en conta que o área de servizos sociais e benestar da Deputación a goberna o BNG.

Presentar esta moción cando o área de servizos sociais da Deputación, gobernado polo BNG, invirte tan só 8000 euros, é tomar o pelo á xente necesitada.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE, e oito votos en contra pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

4.- ROGO PRESENTADO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVO Á DELIMITACIÓN EN POLÍGONOS DO SOLO URBÁN DE OUTEIRO DE REI

En tanto o escrito presentado polo voceiro do grupo municipal do BNG con data de rexistro de 24 de abril de 2014 pretende que o Pleno da corporación adopte un acordo de competencia da Alcaldía, en consontes co artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Alcalde dá a dito escrito o tratamento de rogo, polo que concede a palabra ao voceiro do BNG para que, coma tal, o defenda.

O voceiro do BNG fai uso da palabra, dando lectura a dito escrito do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

PROPOSICIÓN RELATIVA Á DELIMITACION DE POLIGONOS DE SOLO URBANO DE OUTEIRO DE REI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Outeiro de Rei é un dos poucos concellos galegos que non conta cun plan de ordenación e tampouco ten iniciados os trámites para a súa elaboración. Por decreto da Alcaldía, iniciouse con data 6 febreiro de 2014, un proceso para a delimitación de polígonos urbáns a ámbalas dúas marxes na NVI, ao seu paso Outeiro de Rei.

O goberno municipal puxo en marcha este proceso de xeito unilateral, sen contar para nada cos propietarios e propietarias dos terreos saos que afecta esta delimitación de polígonos. Este xeito de actuar do goberno municipal creou unha gran indignación entre veciños e veciñas xa que, previamente, non se mantivo ningunha xuntanza para aclarar e chegar a acordos na configuración dos polígonos.

O proxecto de delimitación dos polígonos do solo urbano non consolidado afecta directamente a varias vivendas e edificios públicos, así como un parque infantil, que terían que derrubarse, no intre que se empeze o desenvolvemento dos citados polígonos. Non consta que os veciños fixesen ningunha demanda para acometer este proxecto e na memoria, non se xustifica para nada a urxencia para iniciar esta delimitación.

Polos puntos antes citados e porque o lóxico sería solicitar con urxencia a redacción de un Plan Xeral que abranga a todo o Concello e no que participen, dende o primeiro intre, todos os veciños e veciñas, evitando así situacións de este tipo.

Solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO:

A paralización e retirada do proxecto de delimitación dos polígonos do solo urbano non consolidado de Outeiro de Rei.

Outeiro de Rei a 22 de Abril 2014

Asdo: Arcadio Lombao Román”

O voceiro do BNG considera que a proposta de delimitación tramitouse sen considerar axeitadamente aos afectados, a pesares de que ten unha gran afección sobor as súas economías.

Isto non se pode facer así, de repente e por decreto. O Alcalde non se puxo en contacto cos veciños senón unha vez transcorrido un mes dende a aprobación inicial. A solución que aporta o BNG é a de redacción dun novo plan xeral, e nunca acadamos unha resposta do Concello.

Non entende por qué se fai agora isto, xa que non hai demanda de edificación hoxe en día no concello, e pensa que o Alcalde ten que contar máis coa xente e coa oposición.

O Alcalde dalle a palabra ao voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, a pesares de que, segundo o ROF, o tratamento de rogos non dá lugar a debate. Agora ben, quere escoitar o que pensan os membros da oposición deste proxecto de delimitación e, por ese motivo, abre unha rolda de intervencións.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, recorda que sempre estiveron de acordo coa tramitación dun novo plan xeral, e pregunta porqué se chegou a esta situación de escasez de solo urbano consolidado. Tamén pregunta si se agotaron as posibilidades legais de clasificación do solo como urbano consolidado.

Tamén pregunta porqué as condicións urbanísticas impostas pola N-VI en Outeiro de Rei son moito peores para os propietarios que en outros lugares coma, por exemplo, Guitiriz.

Denuncia que o urbanismo faise neste concello a base de parches, pero que a verdadeira solución é a de redacción dun plan xeral.

O voceiro do grupo municipal do PP desminte o que afirma o voceiro do BNG e, de feito, estamos aquí debatindo o proxecto de delimitación cando a lexislación de réxime local non prevé este debate.

Desminte que non se contara cos veciños, e recorda que a primeira convocatoria en relación con este asunto fíxose dende esta Alcaldía aos veciños para unha reunión informativa, ao maiores da notificación preceptiva que esixe á lei. Esta foi a primeira reunión promovida dende a Alcaldía e con todos os propietarios. Nesta reunión puxo a súa disposición aos medios técnicos municipais para prestar o servizo de asistencia e asesoramento que precisasen en relación a este asunto. E non só eso, senón que, á vista da presentación de alegacións e de que o proxecto suscitaba inquedanza, ampliouse en seis meses máis o prazo de información pública.

Polo tanto, o que afirma o BNG é mentira.

Tampouco é necesario tirar ningún edificio público. E polo que atinxe ás vivendas, deberemos agardar á nova alineación da N-VI, e afirma que está seguro que non afectará practicamente a ningunha vivenda.

Asemade, a xestión dos polígonos faise normalmente por compensación, que esixe o acordo da meirande parte dos propietarios, que son os que toman a iniciativa.

Polo que atinxe ao Plan Xeral, invítalle que leven esa opción no seu programa, pero anuncia que o PP non vai levar esa proposta no seu programa, xa que a aprobación dun novo Plan Xeral conlevaría que, no eido do solo urbano de Outeiro de Rei, en vez de once mil metros cadrados de zonas verdes habería que prever máis de cincuenta mil, e preto de vinte oito mil metros cadrados de solo dotacional. É dicir, os propietarios terían que ceder 50.000 m² máis de terreo ao Concello.

Pero ademais, ese Plan Xeral tamén tería que delimitar o solo urbano en polígonos.

Iso é o que propón o BNG.

Pero o PP nunha proporá a redacción dun Plan Xeral, porque implicará unha inmensa rebaixa da edificabilidade dos propietarios.

E isto sucede porque na aprobación dun novo Plan Xeral, faltaría máis, hai que respectar a lei, e non se pode facer o que se quere. Neste punto expresa que non está de acordo con todos os aspectos da lexislación urbanística, e recorda que a lei pasou, tanto polo goberno do PP coma do PSdG-PSOE máis do BNG, pero non queda outra solución máis que cumprila.

Por último, asegura que a única diferenza entre aprobar ou non o proxecto de delimitación é que agora existe un polígono e o proxecto prevé oito, co gallo de facilitar o seu desenvolvemento. Nin máis nin menos. Nin quita nin outorga edificabilidade. Nin establece novas alineacións nin novas cargas urbanísticas.

E recorda que neste concello non se efectuou nin unha sola actuación urbanística que non contase co consentimento dos propietarios. Nin unha sóa.

Voltando ao tema do proxecto de delimitación, informa que o solo urbano consolidado é unha categoría regulada de solo. É dicir, para que poida considerarse como solo urbano consolidado ten que reunir inexorablemente a totalidade dos requisitos que establece a lei. E este equipo de goberno asume o compromiso de que, todos os terreos que, respectando a lei, podan ser clasificados coma solo urbano consolidado, serán clasificados coma tales.

Dende esta perspectiva de máxima clasificación redactouse o proxecto de delimitación, e desde esta perspectiva analizaranse unha a unha todas as alegacións, por se se escapou algunha posibilidade que poida terse en conta de acordo coa lei.

Tampouco é verdade que non se poida edificar en solo urbano non consolidado. Pode edificarse sempre que se urbanice o polígono no que se atope a parcela. E este é así exista un só polígono (como agora), ou oito (o que prevé o proxecto).

De tal xeito que, si se quere edificar en Outeiro de Rei en solo urbano non consolidado, a día de hoxe hai que urbanizar primeiro todo o núcleo non consolidado de Outeiro, e poñer de acordo á meirande parte dos seus propietarios.

Pola contra, si se aproba o proxecto, si se quere edificar en Outeiro soamente hai que urbanizar o polígono onde se atope a parcela (non todo o núcleo de Outeiro de Rei) para o que será necesario poñer de acordo á meirande parte dos propietarios do polígono (non de toda a Vila).

Esa é a diferenza.

Pero o concello non tomará unha decisión en tanto non escoitemos a todos os propietarios. De momento presentáronse 62 alegacións e hai máis de trescentos propietarios. Unha vez se escoite a todos: propietarios e técnicos, se tomará unha decisión política.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE insiste en preguntar se podería haber máis solo urbano consolidado, e se existe máis solo urbano consolidado fora do polígono.

O Alcalde afirma categoricamente que non, e emprázalle a que diga ónde. Tamén afirma que, se existe algunha parcela que, podendo clasificarse como solo urbano

consolidado non se clasificou así, non lle doerán prendas en rectificar. Para iso ampliouse o prazo de información pública.

Por último, quere transmitir ao propietarios do núcleo de Outeiro de Rei, que este equipo de goberno sempre defenderá o seus intereses e non tomará iniciativas que os poidan perxudicar.

Asemade, informa que o Concello, nos últimos anos, na execución de diversos servizos urbanísticos (abastecemento de auga, evacuación de augas residuais, alumado público, pavimentación viaria... etc.), construíu máis de quince quilómetros de redes, preto de 24.300 m² de pavimentacións no núcleo, e todo iso por un valor de 2.200.000 euros, financiados fundamentalmente polo Concello e máis a Xunta de Galicia. Todo isto en urbanización ao servizo das parcelas do núcleo urbano.

5. ASUNTOS DE URXENCIA

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE CON NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 2143

A continuación, o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, defende a urxencia da moción presentada con número de rexistro de entrada 2143, para esixir a inmediata retirada das emendas do grupo parlamentario do Partido Popular á ILP para garantir a prestación das especialidades de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear en igualdade de condicións para toda a cidadanía galega con independencia do seu lugar de residencia.

O voceiro do grupo municipal do partido popular afirma que esta moción non é urxente, e non só polo feito de que se puido presentar con antelación, senón porque este mesmo asunto xa foi tratado noutra moción presentada neste pleno polo PSOE no ano 2013.

Rematada a defensa da urxencia da moción, sométese a votación a súa urxencia.

Realizada a votación, a urxencia resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e tres votos a favor da mesma, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE máis do BNG.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE CON NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 2142

A continuación, o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, defende a urxencia da moción presentada con número de rexistro de entrada 2142, instando á Xunta de Galicia a que amplíe a partida orzamentaria da orde de 22 de maio de 2014 pola que se regulan os plans de cooperación, por ser unha ferramenta básica na loita contra o desemprego.

Rematada a defensa da urxencia da moción, sométese a votación a súa urxencia.

Realizada a votación, a urxencia resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

A continuación, o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, defende a moción presentada, do seguinte teor literal:

“MOCION DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A QUE AMPLÍE A PARTIDA PRESUPOSTARIA DA ORDE DE 22 DE MAIO DE 2014 POLA QUE SE REGULAN OS PLANS DE COOPERACIÓN, POR SER UNHA FERRAMENTA BÁSICA NA LOITA CONTRA O DESEMPREGO.

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base ás seguintes consideracións:

EXPOSICION DE MOTIVOS

A orde anual da Xunta pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, comunmente coñecidos como plans de cooperación, é dende hai anos unha ferramenta imprescindible para os Concellos, no seu labor de desenvolvemento das súas funcións, e por outro lado, unha das poucas políticas activas de emprego de Feijóo.

Por iso, e ante o contexto de crise económica, que botou a miles de persoa á precariedade laboral, ou á exclusión económica, o Goberno Autonómico da Xunta, a entidade competente para, dun lado, mellorar o perfil do desempregado con acción formativas, debe usar todos os seus recursos para paliar o drama de miles de familias galegas.

Aínda que o Presidente Feijóo se declarou incompetente para resolver o principal problema dos galegos, mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Xunta asumiu as funcións transferidas pola administración do Estado relativas á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación.

A insensibilidade do actual goberno autonómico cos 26.294 desempregados na Provincia de Lugo, volveuse poñer de manifesto coa publicación da Orde do 22 de maio que regula os citados plans de cooperación. En relación co pasado ano, o Goberno do Partido Popular recortou un 89% a partida do Presuposto destinado ao plan, pasando de ser en 2013 de 8.600.000 euros, a unha partida no presente ano de 1.000.000 euros para toda Galicia.

No plano municipal, os plans de cooperación, servían aos concellos para axudar a desenvolver as súas funcións e competencias na época estival, atendendo traballos imprescindibles e con claro interese comunitario para os veciños. Por primeira vez na Orde publicada pola Consellería de Benestar, non se recollen criterios de repartición da paupérrima contía destinada, favorecendo a arbitrariedade e discriminación da Xunta na

outorgación da subvención. Así, na Orde do pasado ano no artigo 2.4 afirmábase que “para garantir unha distribución máis equitativa posible dos recursos entre os distintos concellos [...] establécense uns límites mínimo e máximo no importe total que se pode obter nesta convocatoria por cada un”; asignando contratacións segundo o número de habitantes. Parece claro que a Xunta, ademáis de recortar as políticas de emprego ata facelas irrisorias, elimina os criterios para repartir entre os concellos afíns.

Polo exposto, e ante a insensibilidade de Feijóo coa dramática situación que viven os galegos en situación de desemprego e, ante a nula colaboración da administración autonómica cos concellos, eixe central da descentralización, o Concello de Outeiro de Rei presenta a seguinte

MOCION

- Esixir á Xunta de Galicia que amplíe a partida Orzamentaria 11.03.322A.460.0 CP201400 515, pola que se dota de financiamento a Orde do 22 de maio de pola que se establecen ás bases que regulan ás axudas e subvencións para ou fomento do emprego e mellora dá empregabilidade non ámbito de colaboración coas entidades locais, como mínimo, coa mesma dotación orzamentaria do 2013
- Instar á Xunta de Galicia a que estableza, como nos anos anteriores, criterios obxectivos na repartición das axudas.”

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, quen aplaude toda iniciativa que axude á que a xente atope traballo, máxime na situación económica e social que está a vivir o país.

O voceiro do grupo municipal do PP considera que o que se debe potenciar é a creación de emprego no sector privado, emprego que, ademáis, xenerará riqueza e dará lugar a un incremento das cotizacións necesarias para o mantemento dos servizos públicos, da Seguridade Social.

As Administracións deben ter o emprego necesario para a prestación dos servizos, pero onde se ten que crear postos de traballo é na empresa, que é onde se pode xenerar emprego estable, e non empregos ficticios e temporais que, tras ser sufragados cos impostos de todos, aos poucos meses voltan a engrosar as filas do paro.

A pesares de isto, o Concello está a desenvolver políticas activas de emprego, coma o obradoiro de emprego, orientado á formación profesional de desempregados, ou o novo programa que está en marcha, que ten coma beneficiarios aos perceptores do Risga e que en Galicia beneficiará a uns 600 desempregados con risco de exclusión social.

Insiste en que o que debemos priorizar é a creación de emprego no sector privado, xa que é o que xenera riqueza ao país, dando lugar a empregos estables e cotizacións á facenda pública e, consecuentemente, garantiza a sostibilidade do sistema de servizos públicos.

Éste é o camiño que está a andar o goberno da Nación, xa que nos últimos meses se está voltando a crear emprego tras moito tempo no que se destruíu. Queda moito por facer, xa que a situación de partida era calamitosa, pero o camiño xa se comezou a andar.

E sendo ás quince horas e quince minutos, o Alcalde levanta a sesión, da que eu, Secretario, estendo a presente acta.

O Secretario

VºBº, O Alcalde